

BIOGRAFÍAS AUTORES E AUTORAS CONVIDADAS

JORGE CAMPOS

(Ourense, 1982)

Despois de gañar diversos premios de BD, publicou o álbum mudo *Alter·nativo*. Con guión de Pilar Serrano, creou a serie de libros *Unha mestra en apuros* (que recibiu dúas partes máis, e versións en galego, castelán e catalán). O seus seguintes cómics foron *O destino de Kameko* (con Abel Alves), *As aventuras de Vani: Montaña* (editado tamén en Francia) e *Capitán Lentella 1 e 2*. Ten participado con páxinas de BD na revista *O Papagaio*.

Alter nativo (Aira Editorial, 2017)

Unha mestra en apuros / Una maestra en apuros / Les trifulgues de la mestra, con Pilar Serrano (Bululú, 2019)

Unha mestra en apuros 2 / Una maestra en apuros 2 / Les trifulgues de la mestra 2, con Pilar Serrano (Bululú, 2020)

O destino de Kameko, con Abel Alves (Aira Editorial, 2021)

As aventuras de Vani: Montaña (Demo Editorial, 2021)

Unha mestra en apuros 3 / Una maestra en apuros 3 / Les trifulgues de la mestra 3, con Pilar Serrano (Bululú, 2022)

Capitán Lentella (Xerais, 2022)

Capitán Lentella 2 (Xerais, 2024)

[instagram.com/ilustratecto](https://www.instagram.com/ilustratecto)

CRISTIAN F. CARUNCHO

(Bidueiros, Couzadoiro, Ortigueira, 1997)

En 2011 creou o fanzine *Historias de Regho Torto*. Estudou ilustración na EASD Pablo Picasso e banda deseñada en *O Garaxe Hermético* (Pontevedra). Ten colaborado con medios como o *Diario de Pontevedra* e participou nos volumes colectivos *Licor café* e *O puño e a letra*. En 2019 publicou o seu libro de cómic *Grandarroiba* e realizou o videoclip de animación *Semillas*, para Tremenda Jauría e Fermin Muguruza. Ten gañado numerosos premios, e en 2023 gañou o Premio Castelao de Banda Deseñada na súa modalidade para público infantil e xuvenil pola historia *O día de San Martiño*.

Licor café, colectivo (Demo Editorial, 2017)

O puño e a letra, colectivo sobre poemas de Yolanda Castaño (Xerais, 2018)

Grandarroiba (Demo Editorial, 2019)

[instagram.com/cristianfcaruncho](https://www.instagram.com/cristianfcaruncho)

GENIE ESPINOSA

(Barcelona, 1984)

A súa primeira novela gráfica, *Hoops*, obtivo o premio ao autor revelación de Comic Barcelona e mais o premio Ojo Crítico de RNE de cómic 2021. Coordinou os fanzines *Raras* (2019) e *Muy Raras* (2020). En 2022 foi unha das autoras de *Comic mit Akzent*, publicación sobre a BD española editada co gallo da participación de España como país invitado de honra na Feira do Libro de Frankfurt. En 2023 publicou a novela gráfica *Tiburón blanco* e participou na exposición colectiva de autoras de BD de vangarda *Constel·lació gràfica*, no Centre de Cultura Contemporània de Barcelona.

Hoops (Sapristi, 2020)

Tiburón blanco / Tauró blanc (Sapristi/Finestres, 2023)

geniespinosa.com

YEYI GÓMEZ

(Madrid, 1993)

Debuxante e viñetista. Publicou *Cuaderno de clase* (2019), recurso para traballar con alumnado de secundaria as posibilidades expresivas do fanzine e da BD; *Guy* (2017), aproximación en formato cómic á figura da cineasta francesa Alice Guy, e *Nafragio universal* (2017), colección de viñetas que recibiu o Premio Injuve 2016 e que foi reeditada en Francia en 2021.

yeyeigomez.es

Nafragio universal (autoedición, 2017)

Guy (autoedición, 2017)

Cuaderno de clase (autoedición, 2019)

KUNDO KRUNCH

(Mar del Plata, Arxentina, 1988)

Kundo Krunch é o pseudónimo de Facundo Pérez Cejas. En 2019 publicou *La extraña desaparición de Barnabas Jones*, con guión de Damián Connelly, e *El último recurso*, con guión de Lubrio. Por este último, gañou os premios Carlos Trillo a mellor debuxante e mellor libro para público adulto da Arxentina. En 2020 comezou a publicar na web da veterana revista Fierro xunto a Santiago Sánchez Kutika as historias que compoñen o libro *O cárcere da fin do mundo*, e editou a novela gráfica *Tomb*, con guión de Antonio Sachs. En 2021 gañou o premio Cinder ao mellor debuxante. En 2024 publica, con guión de Manolo L. Poy, *Carne para cans*.

Obra en España:

Tomb, con Antonio Sachs (Dolmen Editorial, 2021)

O cárcere da fin do mundo, con Santiago Sánchez Kutika (Demo Editorial, 2023)

Carne para cans, con Manuel L. Poy (Demo Editorial, 2024)

[instagram.com/kundokrunch](https://www.instagram.com/kundokrunch)

ZUZ / SUSANNA MARTÍN

(Barcelona, 1976)

Deuse a coñecer coa obra *Alicia en un mundo real*, con guión de Isabel Franc. Encargouse da parte visual das novelas gráficas *Sonrisas de Bombay*, con Jaume Sanllorente; *Sansamba*, con Isabel Franc; *Annemarie*, con María Castrejón; *La paradoja de Fermi*, *Ofensiva final* e *El misterio de la montaña muerta*, con Miguel Á. Giner Bou; *Black is Beltza: Ainhoa*, con Fermin Muguruza, Harkaitz Cano e Isa Campo, e *Històries de la Model*, con Jordi de Miguel. Así mesmo, foi guionista e debuxante dos álbums *Residencia de Estudiantes* e *Irse o morir* e da triloxía de cómics sobre mulleres refuxiadas palestinas *Gaza Amal*, *Halima: Derribando muros* e *Ahlam: Soñar con una vida*.

Alicia en un mundo real, con Isabel Franc (Norma Editorial, 2010 / Editorial Egales, 2020)

Sonrisas de Bombay, con Jaume Sanllorente (Norma Editorial, 2012)

Sansamba, con Isabel Franc (Norma Editorial, 2014)

Gaza Amal (UNRWA España / UNRWA Euskadi, 2016)

Annemarie, con María Castrejón (Norma Editorial, 2019)

La paradoja de Fermi, con Miguel Á. Giner Bou (Andana Editorial, 2019)

Residencia de Estudiantes (Bruguera, 2019)

Irse o morir (Zehar, 2019)

Ofensiva final, con Miguel Á. Giner Bou (Dolmen Editorial, 2020)

Halima: Derribando muros / Halima: Enderrocant murs (UNRWA Illes Balears, 2021)

Ahlam: Soñar con una vida, con Cristina Bueno (UNRWA Euskadi, 2021)

El misterio de la montaña muerta, con Miguel Á. Giner Bou (Andana Editorial, 2022)

Black is Beltza II: Ainhoa, con Fermin Muguruza, Harkaitz Cano e Isa Campo (Elkar / Reservoir Books (Demo Editorial / Pol·len Edicions, 2022)

Històries de la Model, con Jordi de Miguel (Ajuntament de Barcelona, 2023)

Surflaria, con Uxue Alberdi (Xabiroi, 2023)

twitter.com/susannamarteen

PAULA MAYOR

(A Coruña, 1975)

Recibiu numerosos premios de ilustración, deseño gráfico e cómic e ten traballado en moitos e diferentes ámbitos da ilustración, como libros infantís e xuvenís, portadas ou carteis para organismos oficiais (por exemplo, o cartel do Día da Ilustración 2022). Ademais, ten participado en diversas exposicións colectivas. En 2023 gañou o Premio Castelo de Banda Deseñada, na modalidade xeral, co cómic *Rosalía oculta*.

paulamayor.es

MARCELLO QUINTANILHA

(Niterói, Rio de Janeiro, Brasil, 1971)

Entre 2003 e 2012 debuxou a serie *Sept balles pour Oxford*, con guión de Jorge Zentner e Montecarlo, para a editorial belga Le Lombard. Paralelamente, ten publicado varias novelas gráficas, como *Tungsteno* (2014), gañadora do premio á mellor obra policial en Angoulême 2016, *Talco de vidro* (2015), *Luces de Niterói* (2019) e *Escucha, hermosa Márcia* (2022), coa que obtivo o premio Fauve d'Or ao mellor álbum do ano do Festival de Angoulême, o premio á mellor obra estranxeira en Comic Barcelona e o premio Max und Moritz (Erlangen, Alemaña).

Tungsteno (La Cúpula / ECC Ediciones, 2014-2023)

Talco de vidro (La Cúpula, 2016)

Escucha, hermosa Márcia (Astiberri, 2022)

Luces de Niterói (ECC Ediciones, 2024)

[instagram.com/marcello.quintanilha](https://www.instagram.com/marcello.quintanilha)

MARC TORICES

(Barcelona, 1989)

En 2014 publicou en Apa Apa a súa historia curta *Nuevos románticos* (nun volume compartido coa historia *Trabajo de clase*, de Ana Galvañ). A súa novela gráfica *Cortázar* (2017), sobre unha biografía de Julio Cortázar escrita por Jesús Marchamalo, foi galardoada co premio Splash ao mellor cómic nacional. A súa seguinte obra, a ambiciosa *La alegre vida del triste perro Cornelius*, gañadora do premio á mellor obra en Comic Barcelona 2024, está a ser adaptada a curtametraxe de animación.

Nuevos románticos / Trabajo de clase (Apa Apa, 2014)

Cortázar (Nórdica Libros, 2017)

La alegre vida del triste perro Cornelius (Apa Apa, 2023)

[instagram.com/marctorices](https://www.instagram.com/marctorices)

LUCAS VARELA

(Buenos Aires, Arxentina, 1971)

Con guión de Carlos Trillo, debuxou *El cuerno escarlata* (2008), *El síndrome Gustavino* (2009) e *Sasha despierta* (2011), mentres realizaba traballos propios, que compilou en *Estupefacto* (2006) e *Matabicho* (2009). Asentado en Francia, viron a luz obras súas, posteriormente editadas en España, como *Paolo Pinocchio* (2011), *Diagnósticos* (con Diego Agrimbau, 2013), *El día más largo del futuro* (2016), *El humano* (con D. Agrimbau, 2020), *El labo* (con Hervé Bourhis, 2021) ou *La última comedia de Paolo Pinocchio* (2022). Con Bourhis publicou en 2024 *American Parano*.

Obra en España:

La herencia del coronel (Dibbuku, 2010)

Las andanzas del incorregible Paolo Pinocchio (Dibbuku / La Cúpula, 2011-2021)

Diagnósticos, con Diego Agrimbau (La Cúpula, 2018)

Michigan. Historia de una novia de guerra, con Julien Frey (Ponent Mon, 2019)

El día más largo del futuro (La Cúpula, 2019)

El humano, con Diego Agrimbau (La Cúpula, 2020)

El labo, con Hervé Bourhis (La Cúpula, 2021)

La última comedia de Paolo Pinocchio (La Cúpula, 2022)

twitter.com/lucvarela